

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE MAIO DE 2010.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Excusaron a súa asistencia:

D^a. Ana María Abad López

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 15 DE MARZO DE 2010.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria de data 15 de marzo de 2010.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 15 de marzo de 2010.

2º) CONTA XERAL DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2009. APROBACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do dictame adoptado pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de data 6 de maio de 2010 que a seguir se transcribe:

“Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2009, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:

- *Balance*
- *Conta do resultado económico patrimonial.*
- *Estado de liquidación do presuposto*
- *Memoria*

Inclúese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2009, aprobada por decreto de Alcaldía de data 27 de xaneiro de 2010.

Dáse conta igualmente que en cumprimento do acordo adoptado por esta Comisión con data 11 de febreiro de 2010, a Conta Xeral do Orzamento de 2009 foi sometida ó preceptivo trámite de información pública, mediante anuncio publicado no taboero municipal de anuncios a no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 45 de data 25 de febreiro de 2010.

Obra no expediente certificación emitida polo Secretario Municipal acreditativa da non presentación de alegacións nin reclamacións durante o meritado trámite de información pública.

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez e Meitín Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Vázquez Fra, Fernández Bouza e Ben Fernández, quen manifestan que se pronunciarán no Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2009, propoñendo a súa aprobación polo Concello Pleno.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres/Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Balseiro Canoura, Meitín Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Ben Fernández e Fernández Bouza, acorda aprobar definitivamente a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2009 e ordear a súa remisión ó Tribunal de Contas é o Consello de Contas, xunto coa documentación seguinte:

- Actas de Arqueo das existencias en caixa referidas ó fin do exercicio 2009.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria acreditativas dos saldos existentes nas mesmas a favor do Concello de Xove, referidas ó fin do exercicio 2009 e agrupadas por nome ou razón social da entidade bancaria.

3º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓVIL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do dictame adoptado pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de data 6 de maio de 2010 que a seguir se transcribe:

“Pola Interventora Municipal, explícanse a os membros da Comisión os aspectos máis salientables da Ordenanza do epígrafe.

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Vázquez Fra, e Ben Fernández, e coa abstención dos Sr. Fernández Bouza acorda informar favorablemente a Ordenanza do epígrafe e propoñe-la súa aprobación inicial polo Concello Pleno.”

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos mais salientables da proposta de ordenanza obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

- 1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil.
- 2º) Someter o presente acordo ó trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncios a insertar no taboeiro municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou alegacións, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase elevado a definitivo, procedéndose á publicación da ordenanza para a súa entrada en vigor, nos termos previstos no artigo 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, no artigo 17 do R.D.L. e no artigo 65.2 da devandita Lei.

4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº: 9/2010 DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2010 POR IMPORTE DE 321.500'00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de créditos do epígrafe e da memoria xustificativa e proposta de Alcaldía referida o mesmo, que a seguir se transcribe literalmente:

“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a insuficiencia de crédito en diversas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades de carácter inaprazable a que se fai referencia na Providencia de Alcaldía.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acorda-la concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 2.481.129,42 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde de 29 de marzo de 2010 para a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais. A axuda pode acadar ata o 80% do total a investir (149.021,53 euros), cun máximo de 150.000,00 euros. Non obstante, e por prudencia, dado que con independencia da axuda finalmente concedida, aos efectos de xustificar adecuadamente a subvención debe executarse o total da obra solicitada, considérase convinte prever unha aportación municipal do 50%, o que ascendería a 77.080,11 €, que se refunde nas partidas 171.609 para os xogos, pavimento e vallas do parque infantil; 151.609 para as obras de adecuación da plaza e a sinalización horizontal e vertical e 151.623 para a adquisición de mobiliario urbano.

-Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Consellería de Cultura e Turismo ao abeiro da Orde de 15 de marzo de 2010 para equipamentos e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais. A axuda solicitouse practicamente polo seu importe máximo, 50.000 euros, que correspondería ao 75% do orzamento das obras e equipos. Non obstante, e por prudencia, considérase convinte prever unha aportación municipal do 50%, o que ascendería a 33.326,22 €, que se refunde nas partidas 335.622 para a colocación de tarima no solo do salón de actos e construción de pasarela de comunicación coa biblioteca municipal; 335.623 para a adquisición de un videoproxector e 335.625 para a adquisición de mobiliario.

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde de 29 de marzo de 2010 para a realización de obras e equipamento para a prestación de servizos municipais. A axuda pode acadar ata o 80% do total a investir (231.887,38 euros), cun máximo de 600.000,00 euros. Non obstante, e por prudencia, considérase convinte prever unha aportación municipal do 50%, o que ascendería a 116.000,00 €.

-Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Secretaría Xeral para o deporte ao abeiro da Resolución de 20 de abril de 2010 para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos. A axuda acada como máximo o 60% do total a investir, que ascende a 49.616,51 euros. Non obstante, e por prudencia, considérase convinte prever unha aportación municipal do 50%, o que ascendería a 24.808,26 €.

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Secretaría Xeral para o deporte ao abeiro da Resolución de 20 de abril de 2010 para a adquisición de equipamentos deportivos. A citada Resolución prevé que, aínda que a axuda pode acadar o 100%, o Concello debe facer fronte ao IVE correspondente.

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Consellería de Economía e Industria a través da Dirección Xeral de Comercio ao abeiro da Orde de 9 de abril de 2010 para a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas. A axuda pode acadar ata o 80% do total a investir. Non obstante, e por prudencia, considérase convinte prever unha aportación municipal do 50%, o que ascendería a 30.000,00 €.

-Dótase crédito para a obra de recrecido e mellora da captación no azud de Xuances, por importe de 12.200,00 €.

-Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda a solicitar da Deputación Provincial de Lugo para investimento en instalacións culturais ao abeiro das bases publicadas no B. O.P. nº 91 de 23 de abril para a realización da obra de rehabilitación do centro cultural de Gulpilleiras, por importe total de 22.644,97 euros. A axuda pode acadar ata un máximo de 6.000,00 €, o que suporía unha aportación municipal de 16.644,97. Non obstante, coma nos casos anteriores, prevese unha aportación do 50%.

Para todas as obras e equipos mencionados se dota crédito para facer fronte á subida do 2% do Imposto sobre o Valor Engadido, que será efectiva a partires de xullo de 2010, xa que as solicitudes de subvención contemplan o IVE actual do 16%.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + Aumentos anteriores	<u>AUMENTO</u>	Consignac. Final	<u>FINALIDADE</u>
151.609	Urbanismo. Investimento en infraestruturas	23.000,00	27.700,00	50.700,00	<u>ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO. P(29/10)</u>
151.619	Urbanismo. Investimento en reposición en infraestruturas	15.000,00	27.200,00	42.200,00	<u>OBRAS DE ADECUACIÓN DA PLAZA PÚBLICA. P(29/10)</u>
161.609	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimento en outras infraestruturas	272.661,46	12.200,00	284.861,46	<u>OBRA AZUD DE XUANCES. P(30/10)</u>
171.609	Urbanismo. Investimento en infraestruturas	0,00	22.500,00	22.500,00	<u>ADQUISICIÓN XOGOS INFANTÍS E OUTROS. P(29/10)</u>
335.622	Artes escénicas. Investimento en construcións	0,00	27.000,00	27.000,00	<u>CONSTRUCCIÓN DE PASARELA E TARIMA SALÓN DE ACTOS P (31/10)</u>
335.623	Artes escénicas. Investimento en maquinaria	0,00	5.200,00	5.200,00	<u>ADQUISICIÓN DE UN VIDEOPROXECTOR . P (31/10)</u>

335.625	Artes escénicas. Investimento en mobiliario	0,00	2.600,00	2.600,00	<u>ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO DIVERSO SALÓN ACTOS. P(31/10)</u>
342.622	Instalacións deportivas. Investimento en construcións	38.371,07	120.000,00	158.371,07	<u>REHABILITACIÓN PISCINA E OS SEUS VESTIARIO E PABELLÓN. P(32/10)</u>
342.632	Instalacións deportivas. Investimento reposición en construcións	0,00	25.800,00	25.800,00	<u>SUBSTITUCIÓN DO SOLO DO PABELLÓN. P(33/10)</u>
342.623	Instalacións deportivas. Investimento en maquinaria	0,00	1.200,00	1.200,00	<u>ADQUISICIÓN DE EQUIPOS PARA O XIMNASIO MUNICIPAL. P(34/10)</u>
422.609	Industria. Investimento en infraestruturas	0,00	30.000,00	30.000,00	<u>MELLORA DE INFRAESTRUTURAS PARQUE CAMBA. P(35/10)</u>
924.622	Participación cidadá. Investimento en construcións	13.000,00	20.100,00	33.100,00	<u>REHABILITACIÓN ESCOLA DE GULPILLEIRAS. P(36/10)</u>
TOTAL			321.500,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.009.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 8/2010 de Modificación de Créditos por importe total de **TRESCENTOS VINTE UN MIL QUINIENTOS EUROS (321.500,00)**”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde salientase que estamos en presenza dun expediente de modificación de crédito destinado o financiamento de inversións derivadas das liñas de subvencións publicadas pola Xunta de Galicia, e nun caso concreto, tamén pola Deputación Provincial.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o Grupo Municipal de AVEXO está plenamente de acordo coa proposta de Alcaldía.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que tamén está de acordo coa proposta de Alcaldía, pero sinala que quere aproveita-la ocasión para demandar planos de dinamización dos Centros Sociais porque do contrario estaríanse despilfarrando cartos públicos na apertura de simples tabernas.

Polo Sr. Alcalde manifestase ó súa plena conformidade coa reflexión do Sr. Fernández Bouza, pero engade que é necesario que tódalas parroquias contén alomenos con un local digno para celebrar reunións veciñais.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase o seu apoio á proposta de Alcaldía.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

- 1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 9/2010, correspondente ó orzamento do exercicio de 2010 por un importe de 321.500,00 €.
- 2º) Someter o presente acordo ó trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios a insertar no Taboeiro Municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no suposto de que no devandito prazo non se presentaran reclamacións ou alegacións, o presente acordo de aprobación inicial, entenderase elevado a definitivo.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO A RETIRADA DO PLANO DE ORDENACIÓN DO LITORAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza procédese a dar lectura á moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente: *“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación.*

Moción pola que se solicita á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a retirada do Plano de Ordenación do Litoral EXPÓN

O Consello da Xunta de Galiza acordou na súa xuntanza do 8 de xaneiro de 2010 remitir aos diferentes Concellos, Deputacións e áreas de carácter supramunicipal afectadas polo Plano de Ordenación do Litoral, copia do mesmo a fin de que elaboren un informe previo a aprobación definitiva do POL, que a Xunta sitúa en decembro do presente ano. Segundo o Goberno Galego, o enviado para consulta dos Concellos ao longo do mes de Febreiro e Marzo na perspectiva de que as diferentes corporacións o analicen e presenten as suxestións que consideren oportunas antes do 3 de Maio de cara a súa introdución, naqueles casos que Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considere oportunas, no documento que será sometido a exposición pública tras a súa aprobación inicial que se agarda pra o 15 de Maio.

O Plano de Ordenación do Litoral estuda un territorio de algo máis de 376.000 hectáreas, centrándose a xestión do plan nun ámbito de aproximadamente 212.164 hectáreas, o 7,2% da superficie da comunidade, o que implica un incremento de 131.501 hectáreas, respecto as 86.663 hectáreas que abarcan os 500 metros que establecía a Lei 6/2007, de medidas urxentes. Xa que logo o POL afecta a 84 Concellos , dos que 47 corresponden á provincia da Coruña, 10 á de Lugo e 27 á de Pontevedra. No caso de Lugo xestionasen e clasificasen unha superficie de 25.531 hectáreas de solo, que significa o 2,59% da superficie total da Provincia, correspondéndose con bolsas de chan situadas nos Concellos Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, Vicedo, Trabada e Valadouro.

A proposta de ordenación que remitiu a Xunta de Galiza procede a ordenar a Galiza costeira sen atender ao modo peculiar na que os galegos nos asentamos no litoral, nomeadamente naquelas zonas que non son de costa aberta, o que representa a maioría da costa galega, e xa que logo fixa modalidades de asentamento que non se axustan a nosa realidade á par que prohiben usos

residenciais e deixan fora de ordenación vivendas en áreas do territorio na que nos instalamos desde fai centos de anos. Asemade o documento carece de documentación que é esencial para entender o seu desenvolvemento, presenta unha grafía pobre que abre a vía a confusións, esta cheo de erros técnicos, xera unha mancha de agravios comparativos ao tratar de xeito diverso realidades semellantes e xa por últimos determina afeccións por riba dos 500 metros sen xustificación algunha.

No plano procedimental non é de recibo que a administración autonómica proceda a redactar documentos de carácter sectorial como o que nos ocupa, sen ter procedido previamente a redacción das Directrices de Ordenación do Territorio que na aprobación da Lei 9/2002 o Conselleiro Cuíña se comprometeu a presentar antes de definir as propostas de carácter sectorial e aprobalas no Parlamento no 2004 tal como se recolle na disposición transitoria VIII da Lei. Non é esta unha cuestión menor se queremos ordenar Galiza como un todo, se ben os feitos nos indican que a intención da Xunta é que a combinatoria final sexa unha superposición dos diferentes Plans sectoriais algo que é evidente se atendemos ao acontecido co Plano Eólico e Acuícola. A maior profundidade débese ter en conta que o POL incumpre o disposto na Lei de Ordenación do Territorio de Galiza onde se afirma que este documento debe explicitar con total claridade a repercusión do mesmo no Planeamento así como o establecido na Lei 9/2002 ao restrinxir o desenvolvemento urbanístico aos núcleos rurais tradicionais na contra dos núcleos tradicionais.

*As previsións da Consellaría de ter aprobado este documento antes de final de ano é de proceder a súa aprobación inicial ao longo do mes de Maio, indican a ausencia de vontade por parte da mesma, de proceder a introducir modificacións substantivas que impidan a hipoteca dos nosos Concellos e do conxunto de Galiza. Neste sentido reiteramos a necesidade de vontade política que pase por entender a elaboración do planeamento como un proxecto colectivo que garanta a participación dos particulares, que entenda o urbanismo como unha disciplina de carácter transversal que afecta ao conxunto das esferas locais e de xeito moi particular á calidade de vida, que sitúe o público e a defensa do interese xeral como principio rector e que dea resposta aos problemas centrais dos administrados. **SOLICITA:***

1º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego insta á Corporación Municipal de Xove a que demande da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a retirada do Plano de Ordenación do Litoral.”

Polo Sr. Alcalde contestase que o POL é un documento aberto, unha proposta que neste momento está sometida a consulta de tódolos concellos galegos do litoral e a tódalas asociacións e sectores afectados, razón pola cal non entende como o BNG pode descalificar de forma gratuíta e con prexuízos meramente ideolóxicos sen o máis mínimo rigor, un plan que por primeira vez en Galicia racionaliza e ordena os seus espazos costeiros.

Polo Sr. Alcalde sinalase igualmente que a postura do BNG é aínda mais incomprendible, tendo en conta que o POL non só non prexudica o Concello de Xove, senón que reflicte unhas determinacións menos restrictivas que as recollidas, por imperativo da Lei do Solo, non Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente polo Concello Pleno na sesión do pasado 15 de marzo.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o seu grupo vai votar en contra da aprobación da moción, porque tal e como se viu na reunión mantida polos portavoces municipais, o POL en nada prexudica ó Concello de Xove.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de absterse por considerar que o POL non afecta para nada ó Concello de Xove.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que se ven é certo que Xove, polas súas características especiais pode ser un dos concellos menos afectados polo POL , eso non implica que dito plan sexa un desastre para o conxunto do litoral galego, razón que xustifica de sobra a presentación da moción, instando á súa retirada.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto a favor do Sr. Fernández Bouza, o voto en contra dos Sres. / Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage; coa abstención do Sr. Ben Fernández, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DAS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL (UXFOR). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura íntegra á moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación

MOCIÓN EN DEFENSA DAS UXFOR.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A maioría da propiedade forestal caracterízase no noso país polo excesivo parcelamento, a carencia de servizos e a falta de planificación produtiva, o que fai insostíbel unha explotación ordenada e rendíbel, levando moitas veces ao abandono dos nosos montes.

Para combater esta desalentadora situación, o anterior goberno da Xunta de Galicia creou as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) ao abeiro da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e do Decreto 101/2008 que a desenvolve.

As UXFOR caracterízanse polo agrupamento de parcelas cara a súa xestión en común seguindo un plan, o Instrumento de Xestión Forestal Específico (IXFE), establecido e aprobado pola Asemblea de propietarios. Esta nova forma de xestión do monte presenta as seguintes vantaxes:

- *Recuperación e posta en valor da propiedade forestal abandonada.*
- *Consecución de unidades produtivas de maior tamaño, que permitan e optimicen a rendibilidade do monte.*
- *Posibilidade de acceso a axudas para repoboacións, silvicultura e equipamentos, que serían imposíbeis en pequenas propiedades.*
- *Xestión común e profesional do monte.*
- *Aproveitamento da multifuncionalidade do monte.*
- *Diminución do risco de incendios forestais.*

Esta nova figura de xestión en común do monte espertou o interese de na combater os principais males do monte galego. O anterior goberno comprometérase a realizar os traballos administrativos para a creación das primeiras UXFOR, e realizou xa en moitas delas importantes labores previas de rozas, apertura de pistas, plantacións, etc. Estas primeiras UXFOR, 45 en total, abarcan unha superficie de 4.274 Ha., repartidas en 12.854 parcelas de 2.736 propietarios e propietarias.

Pero desde o cambio de goberno, os propietarios asisten con temor á paralización de todos os procesos iniciados de constitución de UXFOR, así como dos traballos comprometidos, e mesmo dos iniciados.

ACORDO:

Demandar á Consellería do Medio Rural o respecto dos compromisos adquiridos coas UXFOR existentes e a finalización os procesos en marcha.

Apoiar decididamente a xestión en común dos nosos montes, dirixida pola comunidade de propietarios, como medida xeradora de riqueza e de postos de traballo e, en xeral, de mellora do benestar dos galegos e galegas.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo estaría disposto a apoiar a aprobación, xa que comparte os obxectivos que perseguían a creación das UXFOR, pero tal e como está presentada a moción, resulta imposible apoiala toda vez que tanto o Consello Consultivo de Galicia, como a Asesoría Xurídica Xeral teñen declarado que o decreto aprobado polo bipartito, polo que se crean e desenvolven as UXFOR infrinxe a lexislación vixente, tanto no que se refire á normativa estatal de aplicación, como no que se refire ó réxime xurídico da propiedade forestal.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que ata tal punto coa lexislación aprobada polo BNG é imposible desenvolver as UXFOR que de xeito na actualidade falar delas é falar dunha serie de asociacións imaxinarias sen materializar, xa que ningunha delas está formalmente constituída pola imposibilidade legal de facelo.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que a política do actual Goberno da Xunta é desfacer ou intentar frear tódalas iniciativas de progreso postas en marcha polo anterior goberno, e neste caso concreto, trátase de frear unha medida dirixida a racionalizar a explotación forestal, tendo en conta os intereses de tódolos titulares de parcelas forestais e non só os intereses das grandes empresas do sector.

Polo Sr. Alcalde reiterase que non estamos nun debate político, senón que estamos a falar do estrito cumprimento da legalidade; rematando a súa intervención o Sr. Alcalde poñendo de manifesto que como é posible que en catro anos o BNG non fora capaz de por en marcha unha soa UXFOR.

Polo Sr. Vázquez Fra sinalase que o Grupo Municipal de AVEXO vai votar en contra da moción, por considerar que a mellor política de ordenación forestal e de potenciación do sector é a que se ven levando a cabo no Concello de Xove dende fai máis de 20 anos, cunha serie de iniciativas pioneiras en Galicia como poden ser as axudas para desbroce e limpeza.

Polo Sr. Fernández Bouza contestase ó Sr. Vázquez Fra de que polo menos hai que ter un pouco de humildade e recoñecer que en Xove se fixeron e se están a facer auténticas barbaridades pola falla absoluta de ordenación e racionalización da explotación forestal dos nosos montes.

Polo Sr. Alcalde sinalase que ordenar e racionalizar é absolutamente necesario, pero para unha administración pública é igualmente importante cumprir coa Lei, e non actuar sen respecto ningún polos dereitos dos propietarios dos terreos como era o caso do Decreto aprobado polo goberno do BNG, que por non respectar nin respetaba os dereitos das comunidades de montes veciñais en man común.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto a favor do Sr. Fernández Bouza, o voto en contra dos Sres. / Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage; coa abstención do Sr. Ben Fernández, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

7ª) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á MANIFESTACIÓN DO 17 DE MAIO EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura íntegra á moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación.

MOCIÓN DE APOIO Á MANIFESTACIÓN DO 17 DE MAIO EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do 17 de Maio, Día das Letras Galegas, presenta este ano 2010 especiais características que reafirman o carácter reivindicativo desta data. Nunca até o momento, nos case 30 anos de vixencia do actual Estatuto de Autonomía, un goberno da Xunta de Galiza se atrevera a aplicar unha política lingüística tan agresiva e regresiva, chegando á vulneración da legalidade vixente e á anulación dos dereitos democráticos no ámbito lingüístico. Esta estratexia, deseñada en base á construción dunha monumental mentira (a imposición do galego), abrangue a práctica totalidade das consellarías e departamentos do Goberno galego, e ten a ver tanto coa imposición de medidas político- administrativas que relegan ou exclúen o galego, así como con liñas discursivas e de actuación práctica que devalúan e estigmatizan o noso idioma.

Así ocorre, singularmente, no caso de ensino. As denominadas “Bases para o Decreto do Plurilingüismo” consideran na práctica ao galego como un idioma non apto para o ensino das matemáticas, da física, da química ou da tecnoloxía. Mesmo van provocar que milleiros de nenas e nenos galegos non teñan dereito durante toda a etapa infantil (até os seis anos) a manteren un mínimo contacto coa lingua galega no propio sistema educativo. Perséguese, en definitiva, o uso e o contacto co noso idioma precisamente nas franxas de idade máis sensíbeis.

Esta obsesiva vontade é tamén comprobábel noutros ámbitos: modifícase a Lei da Función Pública para eliminar calquera proba obrigatoria en galego nos procesos selectivos de persoal, vulnérase a Lei 4/2006 no referente ao uso público do galego por parte de membros e altos cargos do Goberno, exclúese o galego das oposicións ao ensino e á sanidade, suprimense subsidios á tradución ao galego (caso único no Estado español), exclúese o galego de diversas páxinas web oficiais, realízanse campañas institucionais en español (Galicia Calidade), instálase sinalética en español nas estradas (Xacobeo), e así sucesivamente. Mesmo chegan a “enzalzar” a figura de Uxío Novoneira, a quen este ano se lle dedica a conmemoración do Día das Letras, traducindo a súa obra ao español.

Sofre Galiza, daquela, un Goberno que legisla e dita normativas co obxecto de reducir aínda en maior medida a presenza da lingua galega nos ámbitos máis diversos, que toma decisións concretas para residualizalo na propia administración, que vulnera e incumpre a legalidade vixente e de obrigado cumprimento, e que pretende inculcar na sociedade os peores esquemas de desprezo, de humillación, de anulación colectiva.

Por todo isto, o 17 de Maio, Día das Letras Galegas, está convocada unha manifestación dos galegos e galegas en defensa do idioma galego, polo que se lle propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización social.

2. Rexeitar ás “Bases para o Decreto de Plurilingüismo” feitas públicas pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galiza en setembro de 2004.

3. Manifestar a adhesión ao texto da “Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos”, promovida pola Plataforma Queremos Galego. “

Aberto debate, polo Sr. Alcalde manifestase que non é de recibo a actitude do Bloque de utilizar a lingua Galega como un motivo de enfrontamento político e de crispación social, engadindo que o obxectivo do Decreto do actual Goberno da Xunta é a promoción da lingua galega dende a garantía da igualdade linguística e tamén dende o respecto pola legalidade vixente, apostando pola coexistencia pacífica de ámbalas dúas linguas.

Remata á súa intervención o Sr. Alcalde rexeitando as acusacións de ilegalidade verquidas polo BNG no texto da moción presentada.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o Partido Popular intenta vender a imaxe dun mundo ó revés, no que dáse a entender que é o castelán a lingua discriminada en Galicia, cando calquer observador obxectivo dáse conta de que é todo o contrario, sendo a lingua galega a que está a sufrir o maior ataque nos case 30 anos de vixencia do noso Estatuto de Autonomía.

Polo Sr. Vázquez Fra sinalase que o seu Grupo considera respectable a opinión do BNG pero engade que o seu grupo vai votar en contra da aprobación da moción, por considerar que non é de recibo a imposición dunha determinada lingua, senón que é necesario respectar as decisións dos pais sobre a educación dos seus fillos.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o argumento plantexado polo Sr. Vázquez Frá é unha auténtica falacia, xa que ninguén defende a imposición de nada, e engadindo que o contido dos programas educativos é unha responsabilidade e unha competencia dos poderes públicos e non poden estar suxeitos as opinións que en cada caso poidan ter os particulares.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da moción, por considerala razoable.

Rematado o debate, o Concello Pleno co voto a favor do Sr. Fernández Bouza e do Sr. Ben Fernández, e co voto en contra dos Sres. / Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage; acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

8º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura íntegra á moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación

MOCIÓN EN APOIO DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do chamado Chequeo Médico da Política Agraria Común, adoptado pola Unión Europea outorgáselles aos Estados membros certa capacidade para decisión en relación coa súa aplicación en cadanseu territorio. Este é o caso da decisión sobre o destino que se lles dá ao reparto dos novos fondos de desenvolvemento rural procedentes do incremento da modulación.

En xaneiro de 2009, o BNG a través da Consellaría do Medio Rural, tanto nos foros sectoriais como a través das alegacións formuladas ao proxecto do Ministerio de Medio Rural do Goberno do Estado, defendeu que estes recursos debían destinarse fundamentalmente ao sector lácteo que era o que ía padecer, tal e como estamos a comprobar na actualidade, en maior medida as consecuencias das decisións adoptadas no ámbito europeo: desaparición das cotas logo do 2015 e eliminación dos mecanismos de regulación da produción e do mercado, entre outras.

Esta posición concretouse na defensa por parte do BNG da dotación dun Fondo Lácteo cunha contía non inferior aos 144 millóns de euros ao ano e que fose destinado a axudas compensatorias dirixidas ás explotacións profesionais cuxa dimensión as fai especialmente vulnerábeis, ás que realizaron un maior esforzo investidor nos últimos anos para dimesionarse, investindo grandes cantidades na compra de cota e en planes de mellora para facer explotacións máis competitivas. En definitiva, que este fondo servise para que todas aquelas explotacións viábeis, con vocación de permanencia e que fixeron un grande esforzo para adaptarse e resultaron gravemente prexudicadas, puidesen adaptarse para competir após de 2015 no novo escenario liberalizado en igualdade de condicións que aquelas do contorno europeo que non se viron obrigadas a realizar un esforzo económico semellante ao das galegas.

Non obstante, as decisións que adoptou o Ministerio sobre a aplicación do Chequeo Médico da PAC no Estado foron nun sentido radicalmente contrario e son claramente discriminatorias para o sector lácteo, fronte a outras producións agrarias, especialmente as de cereais, prexudicando claramente a Galiza en favor doutros territorios. En termos económicos esta decisión supuxo que só 40 millóns de euros (menos dun terzo do reclamado polo BNG reiteradamente) se destinen ao sector lácteo e a un tipo concreto de explotacións, limitándose ás ubicadas en zonas de montaña e outras áreas desfavorecidas, criterios que benefician claramente a comunidades como Asturias, Cantabria ou o País Vasco (e seguramente Castilla y León), pero non a Galiza; onde van quedar totalmente excluídas destas axudas importantes comarcas leiteiras (Xallas, Bergantiños, comarca de Santiago, Mariña de Lugo).

Compre salientar que estas decisións do Ministerio, tanto no ámbito económico, de que tipo de sectores se benefician dos recursos da PAC, como no tipo de explotacións que poden solicitar estas axudas, non contou con ningún posicionamento político contrario nin ningún intento de negociación ou veto por parte do actual goberno de Galiza, máis alá da utilización partidista que o PP está a facer, xunto co PSOE, desta gravosa situación para milleiros de gandeiros galegos.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, os gandeiros e gandeiras non poden ser os únicos prexudicados da nefasta actuación de ambos os dous gobernos, o de Galiza e o do Estado, polo que demandamos que a Xunta de Galiza, ademais de reclamar do Estado a reparación desta

discriminación, debe actuar e establecer medidas para resarcir a aquelas explotacións que fican excluídas destas axudas.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Instar ao Goberno Galego a que, a través da Consellaría do Medio Rural, estableza unha liña de axudas dirixidas especificamente ás explotacións gandeiras que en 2010 non terán acceso á novas axudas da PAC.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, a modificación do Real Decreto que regula as axudas da PAC, de xeito que a axuda ás explotacións lácteas non discrimine ás explotacións segundo a súa ubicación xeográfica, e que a Xunta de Galiza faga o propio coa súa normativa de aplicación do disposto polo Estado.

3.- Instar á Xunta de Galiza a que cree un verdadeiro Fondo Lácteo, e demandar do Goberno do Estado a que faga o propio. Un Fondo Lácteo coa suficiente dotación orzamentaria, de carácter extraordinario, destinado a mellorar a viabilidade das explotacións e preparar ao sector lácteo para un horizonte sen cotas no que poidan competir en igualdade de condicións, que entre outras financie as seguintes medidas:

a) Axudas compensatorias destinadas ás explotacións profesionais cuxa dimensión as fai especialmente vulnerábeis, e a aquelas explotacións que nos últimos anos experimentaron un maior crecemento da súa cota e un maior esforzo investidor.

b) Axudas a compromisos agroambientais.

c) Apoio financeiro aos investimentos. “

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que en primeiro lugar hai que deixar ben claro que a negociación das cantidades reservadas para o sector leiteiro galego no chamado chequeo médico da política agraria común foi responsabilidade do anterior Conselleiro do Medio Rural do Sr. Alfredo Suárez Canal, pertencente o Bloque Nacionalista Galego.

En segundo lugar sinala o Sr. Alcalde que o contido da moción non ten moito xeito, tendo en conta que na actualidade o goberno galego xa ten creado un fondo lácteo cunha dotación orzamentaria de 20 millóns de Euros, sen contar con ningunha participación da Administración Central.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o Goberno galego tamén ten posto en marcha a través do programa de Desenvolvemento Rural 2007-2013 unha serie de medidas integradas coñecidas como medidas agroambientais.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción, xa que está a favor de pedir calquera clase de axudas para os titulares das explotacións gandeiras, sinalando que é necesario recordar a correcta política levada a cabo polo goberno municipal anterior, cando axudou a converter as explotacións de leite en explotacións de carne, previndo o que ía a suceder anos despois.

O Sr. Ben Fernández manifesta que se vai abster.

Rematado o debate, votan a favor da aprobación da moción, os Sres. Fernández Bouza, Vázquez Fra, Casabella Lage, e Fernández Basanta; votando en contra os Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Balseiro Canoura e absténdose o Sr. Ben Fernández.

Como queira que se ten producido un empate na votación, por aplicación do disposto no Art. 100.2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese a realizar unha nova votación.

Realizada a segunda votación, con idéntico resultado ó da primeira, por aplicación do disposto no Artigo previamente citado, decide o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, é en consecuencia, é rexeitada a moción anteriormente transcrita.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

D. Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do **B.N.G.** de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Maio.

ROGOS:

1.- Que se controle a recollida de residuos pois funciona de xeito moi irregular, o de papel e cartón en algunhas ocasións e lugares tería que facerse con máis frecuencia.

- **RESPOSTA:** *Tómase consideración o rogo.*

2.- Na Avda. da Deputación, hai una sinal pintada no chan de reservado ou paso de discapacitados, está enfronte de un vado permanente, pedimos que se corrixa esta anomalía e se pinten noutro sitio pois é contraditorio e leva a confusión.

- **RESPOSTA:** *O asunto xa esta solucionado.*

PREGUNTAS:

1.- O Goberno Local, coñece a situación de deficiencia eléctrica en Penasagudas, dende que accederon o poder parece que se deixou de lado este problema que estaba xa encarrilado , o BNG tense interesado por resolver esta situación en moitas ocasións, fai case un ano que o Alcalde respostou a una pregunta plenaria do BNG que todo estaba en vías de solución e que para primeiros de ano comezarían as obras, consideramos inxustificable e humillante tanto retraso; e polo que preguntamos:

a/ Que foi das promesas do Goberno Local para solucionar iste problema?

- **RESPOSTA:** *Tal e como xa se contestou nunha pasada sesión plenaria esta pregunta debería terse feito ós anteriores responsables da Consellería de Industria, pertecentes por certo ó Bloque Nacionalista Galego, que en catro anos, a pesar das reiteradas peticións por parte do Concello de Xove, foron incapaces de desatascar e concluír o expediente ata finais do ano 2008 en que se acordaron de inicia-la expropiación forzosa dos terrenos de aqueles propietarios que se opoñían ó trazado da línea.*

b/ Cando pensan reforzar o servizo de subministro de enerxía en Penasagudas?

- **RESPOSTA:** *Na actualidade dito expediente expropiatorio xa esta en marcha e falla a resolución do Xurado de Expropiación para que a empresa BEGASA inicie as obras; xa que por primeira vez a Xunta de Galicia contempla nos seus presupostos a execución da obra de reelectrificación da Parroquia de Penas Agudas.*

2.- Hai un cabozo desmontado ao lado da igrexa de Xove, coñece o Concello esta situación, si é así, interesouse ante Patrimonio polas causas e si pensan montalo e reubicalo no seu lugar orixinal?

- **RESPOSTA:** *Dito cabozo é propiedade dun particular que reside no estranxeiro é leva máis de cinco anos desmontado no chan; o Concello intentará poñerse en contacto con dito propietario o cos seus representante en Xove antes de dar traslado do asunto á Consellería de Cultura.*

3.- Como ben saben, existe unha listaxe de espera de terreo industrial no polígono de Camba, e pola contra hai empresarios que mercaron varias leiras pero non as están explotando, temos a obriga de rematar coa especulación do terreo. Que medidas está a tomar o goberno do Concello para evitar a especulación coa compra-venda de parcelas ou a parálise do seu aproveitamento no Polígono Industrial de Camba?

- **RESPOSTA:** *Como Vd. debería saber a xestión do Parque Empresarial de Camba é competencia e responsabilidade do Instituto Galego e Vivenda e Solo esta pregunta debería terse feito ós anteriores responsables da Consellería de Vivenda, pertencentes por certo ó Bloque Nacionalista Galego, que en catro anos, a pesar das reiteradas peticións por parte do Concello de Xove, foron incapaces de resolver nin un so asunto relativo ó Parque Empresarial de Xove (débeda co Concello de case 500.000'00 €, cesión das parcelas de titularidade municipal, mellora das infraestruturas, parcelas sen utilizar). Os actuais responsables do IGVS nun ano resolveron o asunto da débeda, formalizaron en escritura pública a cesión das parcelas municipais, melloraron notablemente as infraestruturas do Parque (Sinalización, alumado, limpeza, etc...) e lograron reducir notablemente o número de parcelas sen actividade de xeito que a día de hoxe o número de parcelas vendidas sen que o seu titular solicitara a preceptiva licenza son 4:*
 - *Parcelas núm. 3 e 4 titularidade de Agua Verde Xove.*
 - *Parcelas núm. 11 e 12 titularidade de Talleres Cillero.*
 - *Con licenza xa solicitada en pendente de iniciarse as obras de construción hai outras 4:*
 - *Parcela núm. 1 de Servizos de Limpezas Industriales SL*
 - *Parcela núm. 27 de Arturo Vigo Cora.*
 - *Parcela núm 28 de Abifer Costa Muebles.*
 - *Parcela núm. 44 de Swiss Auto S.L.*
 - *As parcelas núm. 8, 9 e 10 non están suxeitas a prazo de construción ningún toda vez que a titularidade das mesmas non ten orixe nunha compravenda senón en unha permuta previa de terrenos.*

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase a súa desconformidade coa contestación efectuada polo Sr. Alcalde á pregunta primeira, xa que foi un goberno do PP quen no seu día deixou fora do plan MEGA a reelectrificacion de Penasagudas e sen embargo foi un Conselleiro pertencente ó BNG quen iniciou os trámites de expropiación forzosa para dar solución a este grave problema.

Polo Sr. Alcalde contestase que a finais do ano 2007 a Delegación da Consellería de Industria, aínda non tiña decidido cal ía a ser o trazado definitivo da liña, e que tal e como se reflicte no Diario Oficial de Galicia, non foi ata o ano 2008, cando iniciou o expediente de expropiación.

Polo Sr. Ben Fernández pregunta ó Sr. Alcalde si hai algunha novidade respecto do Plan de Saneamento Integral do Concello de Xove.

Polo Sr. Alcalde contéstase que precisamente a próxima semana, vai ter unha reunión co Conselleiro de Infraestruturas no que se van a tratar asuntos de extraordinaria importancia para o desenvolvemento do Concello ademais do Plan de Saneamento Integral.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo